

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de agosto de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

Admitir neste procedemento a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

a) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. LUCIMARCA, S.L.: deberá presentar un novo DEUC asinado dixitalmente coa parte III "Motivos de exclusión" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado non se respondeu á pregunta "*Participación, directa o indirecta, en la preparación del presente procedimiento de contratación*".
2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA, S.L.: deberá presentar un novo DEUC asinado dixitalmente coa parte III "Motivos de exclusión" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado non se respondeu ás seguintes preguntas:
 - "*Convenio con los acreedores*"
 - "*Las actividades empresariales han sido suspendidas*"
 - "*Participación, directa o indirecta, en la preparación del presente procedimiento de contratación*"
 - "*Rescisión anticipada, imposición de daños y perjuicios u otras sanciones comparables*"

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As



Copia do documento - Concello de Vigo
19157-101

Data impresión: 29/08/2022 11:50

Páxina 1 de 2

CSV: A8A9B7-B5A9BE-B1C3BA-AF8P44-ANAK13-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

notificacións practicaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **01 DE SETEMBRO DE 2022**.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/08/2022 11:50	Páxina 2 de 2
19157-101	CSV: A8A9B7-B5A9BE-B1C3BA-AF8P44-ANAK13-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		